

# A PRIMEIRA FORMULACIÓN TEÓRICA DO GALEGUISMO

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Agradezo á Academia Galega a invitación para participar neste acto no que conmemora o bicentenario do nacemento do escritor en lingua galega, Pintos Villar. Sen saír do marco do provincialismo do que este autor foi unha das máis importantes referencias, tal e como investigou a profesora Ríos Panisse nunha obra imprescindible para lingüistas e historiadores, centrarei esta exposición no momento en que se constrúe a primeira teorización do feito diferencial galego, a primeira *doxa* ou doutrina que serviu de guía a cantos, intelectuais ou xentes de a pé, amaban o país e a súa lingua, defendían a súa cultura pero carecían dunha fundamentación teórica do feito diferencial que lles permitise converter o instinto en racionalidade.

## 1. GALEGUISMO E LIBERALISMO, UN VÍNCULO INDESTRUTIBLE

Hoxe é xa un lugar común, despois de anos de investigación, que o galeguismo, como construción ideolóxica, naceu dentro da filosofía liberal e como movemento político mantívose sempre (ata finais do século XX) dentro das coordenadas da política liberal.

Isto significa que o primeiro imaxinario teórico da identidade galega asumiu os principios da soberanía nacional, do constitucionalismo e dos dereitos da persoa, é dicir, os principios da democracia.

Pero, podía ser compatible a defensa dunha identidade cun modelo hipercentralizado de Estado como foi o primeiro liberalismo español? Iso é o que explica que a maior parte dos movementos identitarios en Europa naceran dos movementos de resistencia ao liberalismo, nacían do que chamaban a tradición. E aí temos o caso do País Vasco.

Tocqueville comenta extasiado os logros deste modelo de centralización política e social:

Apreciaredes un poder central inmenso que atraeu e absorbeu na súa unidade todas as parcelas de autoridade que antes andaban dispersas nunha multitude de poderes secundarios, de estamentos, de clases, de profesións, de familias e de individuos como esparexidas por todo o corpo social. Non se viu no mundo un

poder semellante dende a caída do Imperio Romano. A Revolución creou este novo poder.

Os liberais españois estaban convencidos de que o liberalismo significaba *a nova racionalidade política*, é dicir, que era a expresión da razón aplicada á realidade social. Era, pois, necesario construír o mundo con novos valores varrendo todos os obstáculos históricos que compendiaban na fórmula de supresión e eliminación dos vestixios feudais.

O deputado por Lugo nas primeiras Cortes de Cádiz, García Quintana, dicíao claramente:

Ya deben quedar sepultados para siempre los Justinianos, Veleyanos, Bártulos, Baldos, Recaredos, Quintilas, Alonsos y Fernando [...]. Nombres nuevos e ideas nuevas. Todo nuevo porque si algo queda de lo viejo todo lo habremos perdido.

Outro deputado nas mesmas Cortes, en canto se aprobou a Constitución de 1812, manifestouse publicamente dicindo que xa non se podía falar de asturianos, casteláns, cataláns ou vascos. Xa só habería cidadáns españois.

## 2. COMO NACE E SE DESENVOLVE A IDEA DA IDENTIDADE NESTE LIBERALISMO?

O liberalismo que chegou a España tiña marca de orixe francesa e os principios de centralización do liberalismo francés serviron de modelo a un Napoleón que quixo facer un país *ex novo*, ata no calendario, e que administrativamente seguía a máxima de Cormenin: “Na máquina enxeñosa e sabia da nosa administración as grandes rodas impelen as medianas, as que, á súa vez, fan xirar as pequenas arredor dun eixe”, de maneira que todo o movemento procede da máquina central do Estado.

Pero o liberalismo, que ten como dogma esencial a soberanía nacional, ten neste dogma o principio da súa autocorrección.

Ao ser o pobo o depositario de todo o caudal de lexitimidade, el podía expresar as súas demandas a través non só do voto senón das actitudes, das condutas sociais, dos costumes. A vida dos pobos de España ofreceu dende o primeiro momento unha alternativa ao modelo centralista. Porque ao cabo de trinta e cincuenta anos da aprobación da Constitución de 1812 seguía habendo galegos, asturianos, cataláns etc. E seguían vivas as súas linguas.

A esta realidade superponse outra: o descubrimento (sobre todo por intelectuais nos longos exilios do XIX) de que había varias versións do liberalismo. A loita non só en Estados Unidos senón en toda a Sudamérica entre os dous modelos liberais, centralista e federalista, confirmao.

### 3. A CONSTRUCCIÓN DUNHA TEORIZACIÓN GALEGUISTA

Aquela extraordinaria xeración que irrompe no ano 1840, pouco despois de que Pintos rematara a súa carreira de Dereito, que está presente nos xornais e nas institucións e que protagoniza parcialmente o levantamento de 1846, é dicir, a primeira xeración provincialista, foi incapaz de elaborar un discurso identitario e de crear unha alternativa política ao modelo de Estado centralista imposto en España.

Residindo en Madrid en 1857 e con só 24 anos, Manuel Murguía matinaba e dáballe voltas ao significado da galeguidade como forza rexeneradora do seu país. Facía un argumento *a contrario*: non partía dos intelectuais nin dos poetas

[...] que olvidándose de su patria, de aquella patria que les hizo poetas, no han sabido pagarle el debido tributo y fueron plantas que florecieron en país extraño y fueron semillas arrojadas en diferente terreno y fueron flores que consumieron su hermosura bajo un cielo que le era ingrato y que le impedía desarrollarse con toda su fuerza.

Culpa suya es [só exceptúa a Sarmiento], si oyeron los quejidos vagos e informes de sus hermanos de infortunio, y no supieron prestarle vida. Culpa suya si sus cantos no fueron los cantos de su tiempo; si sus esperanzas no fueron las de su pueblo [...] si no tuvieron una lágrima para los héroes de su patria ni un himno para celebrar sus victorias.

Galicia non tivo o seu Ossian, nin o seu Walter Scott que soubesen ler a historia do país “en los desnudos murallones [...] y en los fosos cegados por la mano del tiempo”, nin oradores como O’Connell, nin poetas como Moore.

Por iso apela ao pobo, á fonda galeguidade que dá vida e alimenta o noso espírito e agarda con impaciencia “cuando saldrá de esas montañas, de esas riberas, de esas ciudades el canto que esperan los verdaderos hijos de Galicia”.

En 1859 o matrimonio Rosalía de Castro e Murguía vén a Galicia e, coma sacudidos por un estremecemento de mesianismo sentan as bases da rexeneración intelectual e política. *Cantares Gallegos* é a primeira pedra. Pondal e Curros son os seguintes poetas seleccionados por Murguía para ofrecer ao mundo unha literatura de distinción. E mentres, el construía a primeira teorización da galeguidade, que aparece fascinante na Introducción ao tomo I da súa *Historia*. Murguía, ao definir os caracteres obxectivos da constitución da nosa personalidade (raza, lingua, historia propia, usos e costumes e unha conciencia de que nós somos diferentes, concluíndo que por todo isto Galicia é unha nación), está construíndo a primeira teorización do feito diferencial galego.